



Día das Letras Galegas 2024

Luísa Villalta





REAL
ACADEMIA
GALEGA

NESTE ANO...



No Día das Letras Galegas do 2024, a Real Academia Galega homenaxeou á poetisa Luísa Villalta

Letras Galegas 2024
Luísa Vill



BIOGRAFÍA



**Luísa Villalta
Gómez naceu o
15 de xullo de
1957 en A Coruña
Viviu no n° 6 da
rúa Vila de Laxe
no desaparecido
barrio da
Falperra desta
cidade**





**Esta é a foto da súa casa coa inscrición que lle
puxo a AELG**

Nesta casa viviu e soñou a poeta
Luísa Villalta
aquí as súas mans modelaron
a lingua, os sons, o que habita
no outro lado da música, na poesía.
A Coruña, 28 de setembro de 2014
Asociación de Escritoras en Lingua Galega

BIOGRAFÍA





E finou o 6 de marzo de 2004. Foi unha destacada escritora, filóloga, profesora e ademais violinista. A súa obra abrangue poesía, teatro, narrativa de ficción, ensaio, artigos e traducións.

Estudou na escola Xosefinas da rúa Juan Flórez e no IES Eusebio da Guarda. Tamén ten os estudos superiores en violín, en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. E formou tamén parte da Orquestra de Santiago de Compostela desde 1985 e, posteriormente, da Xove Orquestra de Galicia, así como de diversos grupos de cámara galegos. Formou parte do grupo de música galega Escaino xunto ao seu marido.



En 1988 aprobou as oposicións de Lingua e Literatura Galegas e deu clases en varios institutos como o IES Concepción Arenal do barrio ferrolán de Canido e o IES Isaac Díaz Pardo, de Sada.

Luísa Villalta desenvolveu unha intensa actividade cultural, impartindo seminarios, recitais de poesía e conferencias. Ademais, colaborou en diversas publicacións literarias como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Grial, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Galego de Literatura, A Trabe de Ouro, Enclave e Páxina aberta.



OBRAS POR XÉNEROS




Luísa Villalta foi unha escritora que escribiu diversos xéneros literarios:



Narrativa:

A taberna do holandés

- **Silencio ensaiamos:** Unha colección de relatos publicada en 1991 pola editorial Vía Láctea.
- **Teoría de xogos:** Novela publicada en 1997.
- **As chaves do tempo:** Novela publicada en 2001. Onde trata o tema dunha Galicia medieval imaxinaria.
- **Desperta do teu sono:** Novela publicada no ano 2002.



OBRAS POR XÉNERO



Luisa Villalta
EN CONCRETO
XII PREMIO DE POESÍA
ESPIRAL MAIOR



ESPIRAL MAIOR
POESÍA



MÚSICA RESERVADA

LUÍSA VILLALTA



EDICIÓS DO CASTRO/Poesía

Poesía:

Música reservada: Publicado en 1991.

Ruído: Publicado en 1995. Describe a poesía como un ruído provocado

Rota ao interior do ollo: Publicado en 1995.

En concreto: Publicado en 2004. Ten como tema principal a cidade herculina

Papagaio: Publicado en 2006. Poemas que describen as fotos de Maribel, deste barrio marxinal

Luisa Villalta
RÚIDO



ESPIRAL MAIOR
POESÍA



OBRAS POR XÉNERO



Ensaio:

O don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral: Publicado en 1992.

O outro lado da música: publicado en 1999.





OBRAS POR XÉNERO




Xornalismo:

Libro das columnas: Publicado en 2005. Neste libro inclúense as columnas e os artigos de opinión dela publicados no semanario “A Nosa Terra” entre 2002 e 2004. Nel aparecen os artigos en defensa do galego e en contra da Guerra de Iraq, do desastre do afundimento do petroleiro Prestige e en defensa do pobo palestino.



OBRAS POR XÉNERO






Teatro:

Concerto para un home só (1989)

O representante (1990)

O paseo das esfinxes (1991) As certezas de Ofelia(1999)

Os doces anos da guerra (2001)





ASOCIACIÓN S ÁS QUE PERTENCEU




**Nesta foto aparece Luísa Villalta con
Cesáreo Sanchez Iglesias, presidente da
AELG**

Formou parte da “Mesa pola Normalización lingüística”, da “Asociación de escritores e escritoras en Lingua Galega” e do colectivo “Burla Negra”, xurdido cando tivo lugar o naufraxio do Prestige.




FALECEMENTO



Tras unha forte meninxite, a Luísa Villalta páraselle o corazón o día en que ía asistir a unha reunión da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Os seus restos repousan no cemiterio de Santo Amaro, en A Coruña.

O día do sepelio moitos escritores e escritoras das da AELG despedíronna lendo fragmentos dos seus versos e con música de violín.





HOMENAXES



A asociación “A Segá” homenaxeouna no “ Día das galegas nas Letras ” de 2022.

A revista do IES Isaac Díaz Pardo ten un número adicado a ela.

Unha das rúas de A Coruña leva o seu nome.



LUÍSA VILLALTA
(ESCRITORA E POETA)

☆ 15-7-1957

† 6-3-2004

D. E. P.

LEMBRAREMOSSE SEMPRE

